

# IV Premio de Narración

## IES Gregorio Fernández

Na categoría de Ensino Primario recibiu o 1º Premio por segundo ano consecutivo **Tania Fernández Amado**, alumna do CPI RAMÓN PIÑEIRO de Pobra de San Xiao, co relato titulado "***O diario de Uxía***" que podedes ler a continuación...

# O diario de Uxía

¡Ola amigos! ¡Chámome Uxía! Son unha gota de auga moi pizpireta. Viaxo por todo o mundo no bico dunha nube, e como teño unha vida moi interesante decidín escribir un diario.

Luns, 8 da mañá: Arrefriou o tempo e arrímome ás miñas compañeiras a ver si entro en calor, o que pasa e que cada vez pesamos máis e ...

\_¡Raio! Pesamos tanto que caemos de súpeto ¡Isto chámase chover a cachón!

¡Vaia!, fun caer a un estanque ben profundo, menos mal que son unha gran nadadora

.¡Carai! xa vou por unha tubería que ten moitas curvas, que mesmo semella a montaña rusa.

Agora teño un pequeno descanso no recuncho dunha billa, na casa de Miguel.

Miguel eche un neno simpático e alegre; coñezoo porque xa estiven máis veces na súa casa.

Acabouse o descanso: Miguel abre a billa e lava a cara; refrégase moi ben, ¡coidado Miguel que me fas cóxegas!

Miguel é moi despistado, esqueceu cerrar o lavabo e a mín tocoume seguir a viaxe. Agora cara a depuradora; aquí quedo limpiña coma unha patena, lista para ir ó río.

Martes, 9 da mañá: Entrei no río Neira, a auga está marabillosamente fría, eu estou completamente espreguizada, levo os ollos moi abertos para non perder detalle.

Observo as pedras tan pulidas do fondo e gústame deslizarme entre as suaves algas; logo achégome á ribeira para contemplar os xuncos onde se esconden patos salvaxes cheos de colorido, tamén me sorprenden os olmos poi a súa esvelteza e maxestuosidade.

Penso que ás troitas tamén lles pasa o mesmo, porque de cando en vez dan grandes saltos fora da auga coma se quixesen ver as árbores, os campos e todo canto hai o redor.

O río deslízase lento e tranquilo.

Ó caer a tarde; cando as raiolas do sol se reflecten na auga; parece que o río está cheo de diamantes, eu como son moi coqueta soño que son unha princesa.

Mércres: 9,15 da mañá: entramos no regato que vai dar á horta da señora Carme. Gústame este sitio porque é alegre e aromático. A señora Carme coi da del coma unha nai do seu fillo. Érguese cedo para regalo pola fresca, nel ten pementos de Padrón, pementos morróns, tomates, leitugas, chícharos, fréxoles, e uns amorosos sabrosísimos, pero o que máis me sorprende, é que a horta está chea de vida tanto por riba coma por baixo; por baixo medran cenorias, cebolas, allos e as miñocas traballan sen parar aireando a terra e deixándoa esponxosa. A horta está rodeada por xirasoles. E un espectáculo único ver cómo éstes se viran cara o astro reí, coma se quixeran facerlle unha reverencia.

Xoves, 8,30: hoxe espertei nunha cama de luxo. Convertinme nunha gota de rocío; estou enriba dunha rosa vermella. O arrecendo que desprende é digno dos máis exquisitos perfumes.

Mentras desfruto embriagada de fragancia, chega unha abella disposta a almorzar néctar fresco.

A abella pertence a unha colmea próxima.

Marabíllame contemplar as abellas en plena faena. As obreiras traballan a reo facendo as celas do panal, que son hexágonos perfectos, todos da mesma medida. ¡Isto é uriha clase maxistral de xeometría! Outras fabrican o mel, mentras que a raíña pon ovos sen parar. Tamén os hai que viven máis relaxados; éstos chámanse zánganos.

Venres, 10 da mañá: hoxe son unha gota de condensación na uralita dun establo. Miro como ven a gandeira ordeñar as vacas que remoen tranquilas mentras esperan o seu turno. Parece que van contentas dar o seu leite. A muller dalles a cada unha a súa ración de pienso. Vexo que a unhas lles da máis que a outras, como se cada cal merecese un "salario" distinto.

O que máis me sorprende é unha parella de anduriñas que andan a carretar palla para construír un niño nunha viga do establo. Andan macho e femia, en perfecta harmonía e igualdade; queren construír un niño sólido onde nacerán as súas crías que alimentarán a partes iguais con esmero e alegría.

Coa chegada da primavera subiron as temperaturas, entón evaporeime e subín lixeira cara o ceo.

Mentras ascendía vín rebrincar os anos e as ovellas nos campos, escoitei o cuco, vin voar maxestuosas as cegoñas...

Luns, 8 da mañá: o tempo segue cálido, eu aproveito para descansar. ¡Estou tan cómoda na miña cama... !

Mentras folgo, o vento empúrranos noutra dirección. ¡Eche o que ten viaxar gratis! Nunca podo elixir o destino.

Sábado, 11 da mañá: voltou a arrefriar e sen querer volvo a caer. Nesta ocasión enriba dunha gran cidade; as vistas dende aquí son ben diferentes. Hai moitísimas casas, moito fume, moito ruído, e poucas árbores.

Caio nun charco da beirarúa, estou morta de medo. Aquí todo o mundo ten moita presa ¿Onde irán?

Pasan coches en todas direccións, os semáforos traballan a reo, pero a xente non lles fai caso; cruzan en vermello, os coches pitan, moitos condutores berran. ¡Ai, que mareo! ¡E por riba un coche manchoume o meu traxe transparente co fume do tubo de escape!

Debo de ter febre, acabo de ver dúas tigresas andando a dúas patas cara a mín. ¡Ai! ¡Perdón!; non son tigresas., son dúas señoras moi encopetadas, pero como traen a pel dun tigre ...

Cando pasaron ó meu carón mireinas con moita curiosidade. Camiñaban moi tesas, desprendían un olor intenso, semellaba coma se quixesen parecerse ós xirasoles da señora Carne; o que pasa e que elas non tiñan esa harmonía nin esa naturalidade.

Decididamente non me gustaba aquel lugar. Aproveitei un pequeno regato que se formou na rúa para chegar a un parque próximo.

Sábado, 23 horas: aquí encóntrome máis tranquila, aproveito para ver o estanque dos cisnes; uns animais con elegancia natural.

Oio voces, ergo a cabeza e vexo chegar moitos rapaces cargados con botellas e xeringas. ¿Estarán enfermos? ¡Teño que prestar atención!; os mozos mezclan os líquidos de varias botellas e logo beben, despois poñense inxeccións e toman pastillas.

¡Vaia! Fai un cacho parecían alegres e sans e agora caen ó andar, oríñanse enriba, vomitan e xa non parecen mozos nin mozas; parecen pantasma, e o parque parece un vertedoiro de lixo sucio e perigoso. ¡Teño que liscar deste lugar!

Luns, 9 da mañá: non sei como, pero puiden chegar a un portal, aquí penso que estarei mellor, aquí mesmo está sentada unha nena duns 10 anos, coa cara moi fermosa e os ollos moi tristes; ten unha gorra tirada no chan cara arriba e a xente vótalle alguna moeda de cando en vez. Cara ela camiña unha parella, e a muller dille ó home:

-Meu señor, penso que como Dalia xa ten dez anos, sería interesante que fose á escola para que se faga unha muller culta e saiba falar.

-De ningunha maneira, a cativa necesitámola para pedir; así damos máis mágoa; ademáis, unha muller non ten que saber falar, o que ten que saber e calar; xa se ve que as mulleres non entendedes de negocios ¿Non ves que dentro duns anos virá un home maduro que saberá apreciar os encantos da nosa nena, e hanos dar unha boa dote por ela que nos sacará de mendigar?

A nena ó oílo, baixou a cabeza e chorou. Entón lembreime das anduriñas, das abellas e da cara alegre de Miguel.

Naquel intre decidín que non quería seguir sendo unha gota de auga; quería ser unha bágoa moi grande para chorar forte por Dalia, polos tigres que levaban ó lombo as señoras estiradas, polos mozos do parque, polo mesmo parque e por tantas cousas que os homes non saben facer ben, e que nembargantes da natureza xurden dun xeito tan equilibrado, espontáneo e natural.